




Formación regrada

O obxectivo deste apartado é analiza-la situación do ensino de materias relacionadas coa actividade emprendedora na formación regrada en Galicia. Para iso, teranse en conta os estudos no Bacharelato, na formación profesional e no ensino universitario.

• *Bacharelato.-*

O segundo ano de Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais – Itinerario B acolle a materia de “Economía e Organización de Empresas”, que se centra na empresa como realidade fundamental da estrutura socioeconómica do mundo contemporáneo.

Entre os obxectivos xerais desta materia pódense salienta-los de coñece-la diferente natureza, funcións e finalidades dos diversos tipos de empresa; analiza-lo funcionamento económico global da empresa, baseándose nas funcións específicas das súas áreas de actividade; avaliar e comprende-la importancia e os problemas da organización e da distribución do traballo en

Cadro 6.1.**Contidos do bloque "Proxecto de iniciativa empresarial"****Contidos conceptuais**

Aspectos dun proxecto empresarial
 Exploración e selección de ideas
 Fórmulas xurídicas
 Recursos humanos e financeiros
 Localización óptima
 Modelo organizativo
 Política comercial e canles de aprovisionamento e de distribución
 Alternativas de mercado
 Viabilidade do proxecto

Contidos procedementais

Estudio e análise dun caso controvertido de interese económico local
 Planificación e elaboración dun proxecto de iniciativa empresarial, integrando os distintos coñecementos da materia
 Análise de situacións conflictivas, provocadas polas necesidades de competitividade, e das consecuencias de carácter social e ético (impacto ambiental, condicións de traballo, etc.), que as ditas situacións poden provocar

Contidos actitudinais

Actitude non sexista na elaboración do organigrama dunha empresa
 Disposición para a aplicación práctica dos razonamentos abstractos e para a utilización imaxinativa e creativa dos coñecementos e dos conceptos manexados na análise da realidade
 Actitude emprendedora e creativa ante os problemas prácticos
 Valoración dos instrumentos de análise económica e empresarial como medios de progreso e de transformación do contorno social, económico e político
 Interese por coñecer os proxectos dos demais, incorporándolle ó propio os aspectos positivos dos mesmos
 Autonomía e iniciativa na toma de decisións
 Disposición favorable ó traballo en equipo, a planificar e organizar racionalmente o traballo.

Fonte: *Elaboración propia CES-Galicia a partir dos datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Guía do Ensino de Galicia 1999-2000.*

relación cos obxectivos empresariais; interpretar e avaliar estados de contas e balances anuais simplificados; ou, o que é máis importante no que á actividade emprendedora se refire, o de interpretar, con autonomía e creatividade, proxectos empresariais sinxelos, integrando neles as diversas fases do proceso de creación dunha empresa e anticipando os problemas e solucións que xorden durante o seu desenvolvemento.

Centrando o estudo no último obxectivo sinalado, un dos bloques de contidos desta materia é o proxecto de iniciativa empresarial. Este responde á necesidade de utilizar, de forma conxunta, as técnicas e conceptos da materia na avaliación da viabilidade dun proxecto empresarial concreto, fomentando a síntese de coñecementos e a iniciativa e a creatividade dos alumnos e alumnas.

Este bloque está dividido en tres grandes grupos de contidos: un conceptual, un segundo que recolle os contidos procedementais e, finalmente, os contidos actitudinais (**cadro 6.1.**).

• Formación profesional.-

No concernente ó ensino da formación profesional, hai que salientar que hai dúas especialidades que abordan o aspecto concreto da creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais. No CS Administración e acolle a materia "Proxecto empresarial" (165 horas) e no CM Comercio hai unha materia dedicada á Administración e xestión dun pequeno establecemento (130 horas).

• Ensino universitario.-

En relación ó ensino universitario, se ben hai que dicir que son varias as carreiras que presentan materias referidas á xestión e organización de empresas, tan só son 3 as materias directamente relacionada coa creación de empresas: a Licenciatura en Administración e Dirección de empresas (Plano 1993) e a Licenciatura en Administración e Dirección de empresas 2º Ciclo (Plano Novo) na Universidade de Santiago e a Licenciatura en Administración e Dirección de empresas (Plano 27/10/94) na Universidade de Vigo.

A Universidade de Santiago, nestas

Materias relacionadas coa actividade empresarial impartidas en licenciaturas e diplomaturas non directamente vencelladas coa mesma

[illegible]

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos das Universidades

licenciaturas, presenta como materia optativa no seu último curso “Creación e dirección de pequenas e medianas empresas” cun valor de 4,5 créditos, en tanto que na Universidade de Vigo a materia, que se dá en cuarto curso e que se presenta tamén como optativa e co mesmo valor, é en principio máis xenérica: “Creación de empresas”.

Finalmente, se non temos en conta as licenciaturas e diplomaturas directamente relacionadas coa actividade empresarial, o **cadro 6.2.** recolle as distintas materias relacionadas con esta actividade impartidas nas distintas carreiras que se estudian nos campus galegos. ■